



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 212

VII lexislatura

11 de outubro de 2006

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

3. Procedementos de control e impulso

3.2. Comunicacóns da Xunta de Galicia

3.2.3. Resolucións aprobadas

–Resolucións subseguintes ao debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia

23240

- 07/PRE-5940(11580)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Feijóo, Alberto e 10 deputados máis

Sobre a difusión de información aos dispositivos asistenciais en relación coa vaga de incendios

23250

4. Procedementos de información

4.3. Preguntas

4.3.3. Preguntas para resposta por escrito

- 07/PRE-5942(11582)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel e 8 deputados máis

Sobre os pacientes que foron atendidos no servizo de urxencias hospitalarias por presentar patoloxías relacionadas cos incendios

23250

3. Procedementos de control e impulso

3.2. Comunicacóns da Xunta de Galicia

3.2.3. Resolucións aprobadas

Resolucións subseguintes ao debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Pleno da Cámara, na súa sesión do día 3 de outubro de 2006, adoptou o seguinte acordo:

Aprobación de resolucións

- Doc. núm. 11377; 07/DEBA-0001; BOPG núm. 205, do 27.09.2006

Debate de política xeral: informe do Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñer a situación política da Comunidade Autónoma

Resolución resultante da transacción elaborada verbo das propostas de resolución presentadas conxuntamente polo G.P. dos Socialistas de Galicia, o G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 13128, proposta núm. 37) e o G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 13129, propostas núms. 261, 285 e 286), co contido literal seguinte:

Resolución núm. 37

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a pór en marcha medidas tendentes a afrontar a política contra os incendios forestais, que contén co maior consenso posible, cando menos, nas seguintes direccións:

1. Fortalecer o dispositivo de persecución dos delinquentes que queiman o monte.
2. Emprender as reformas precisas no dispositivo de extinción de incendios, no camiño dunha mellor dotación e maior profesionalización.
3. Deseñar unha nova política forestal que atenda o aproveitamento multifuncional do monte e a súa posta en valor.
4. Remitirlle á Cámara un proxecto de lei de prevención e extinción de incendios forestais.

5. Darlle conta á Cámara das actuacións que –en materia de prevención de incendios forestais– ten dispostas o Goberno, con vistas á vindeira campaña 2007 no momento en que están configuradas.

6. Abordar coas entidades locais, en cumprimento do decreto de xuño de 2006, un plan para acometer conxuntamente a construción de “cortalumes perimetrais”, en núcleos de poboación, para evitar os riscos derivados dos incendios forestais”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución resultante da transacción elaborada verbo da proposta de resolución presentada polo G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 13129, proposta núm. 332) e as presentadas conxuntamente polo G.P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 13128, proposta núm. 40), co contido literal seguinte:

Resolución núm. 332

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver un novo programa de deporte escolar que fomente a participación en igualdade de condicións de nenos e nenas e amplíe as modalidades deportivas, co obxectivo de universalizar a práctica deportiva”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolucións aprobadas sen modificacións, do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 13129), co contido literal seguinte:

Resolución núm. 29

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a adoptar medidas encamiñadas para impulsar un plan de promoción dos hórreos que estableza liñas de financiamento para garantir a súa conservación”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 48

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a potenciar a práctica do deporte escolar e a ampliar a súa idade de aplicación, diversificando as disciplinas, dando entrada aos deportes alternativos e fomentando a igualdade de sexos na actividade deportiva.

Igualmente, será preciso establecer incentivos para incrementar a participación dos docentes na dinamización, no fomento e na organización do deporte escolar.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 56

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que realice campañas e actuacións de sensibilización dirixidas aos traballadores e ás traballadoras, así como aos sindicatos e ás empresas, nas que se difunda o dereito de todos os traballadores e traballadoras a ser tratados con dignidade e a que non se permita o acoso sexual nin moral”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 57

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se continúe a mellorar a interrelación entre a oferta e a demanda de emprego, para o que debe achegar canles de información profesionais activas que faciliten que as dispoñibilidades de emprego sexan realmente ben coñecidas, especialmente pola mocidade”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 65

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a fomentar a formación na responsabilidade social da empresa que afecta a cuestións tales como a calidade do emprego, a aprendizaxe permanente e a formación, a participación dos traballadores, a igualdade de oportunidades, a integración das persoas con discapacidade, a prevención dos riscos laborais e a anticipación dos cambios e das reconversións industriais”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 66

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta a impulsar medidas en favor do incremento do capital tecnolóxico da economía galega, a través de plataformas tecnolóxicas, e a extensión da rede de centros tecnolóxicos de Galicia”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 67

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta a impulsar medidas que fomenten a cultura emprendedora e a favorecer a aparición de iniciativas innovadoras xeradoras de emprego e riqueza nos distintos ámbitos, potenciando as axudas aos proxectos cualificados como iniciativas de emprego de base tecnolóxica, pero tamén as novas oportunidades de negocio que se detectan no contorno local ou rural, a carón dos novos viveiros de emprego”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 81

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a tomar en consideración e facer efectivas as medidas elaboradas a través dos ditames da Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres do Parlamento de Galicia”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 86

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta a impulsar a cultura emprendedora entre a mocidade para a creación do propio emprego, tanto no caso da mocidade con formación profesional coma con formación universitaria”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 87

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta a organizar e promover campañas que difundan a igualdade entre homes e mulleres tanto a nivel social coma laboral e a avaliar a incidencia e os resultados daquelas”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 89

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta a organizar e promover campañas que difundan o papel tan importante e necesario das mulleres rurais”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 95

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que no ámbito da loita contra a violencia de xénero se incrementen as unidades policiais de atención especializada a mulleres”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 134

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver medidas que lles permitan aos nosos maiores participar en accións de voluntariado social e a que se impliquen co seu saber e a súa experiencia en proxectos que contribúan a mellorar a nosa sociedade.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 135

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á posta en marcha, de xeito inmediato, dun programa para fomentar a participación das persoas maiores en proxectos de novas tecnoloxías.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 146

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á realización dun estudo de impacto no prezo da vivenda en Galicia, onde poidan analizarse os diferentes factores que teñen incidencia, mesmo as posibles repercusións que vai ter o “Código técnico da edificación” no prezo final da vivenda en Galicia”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 186

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á elaboración dun mapa de empresas galegas contaminantes e perigosas e a que se lle remita á Cámara nun prazo de seis meses”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 227

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a traballar na procura de que o próximo fondo europeo de pesca siga achegando o desenvolvemento doutras estruturas para o financiamento de empresas de transformación”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 234

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a concluír a transformación do marisqueo nunha verdadeira actividade de

acuicultura extensiva e a promover a produción como acuicultura dos bancos marisqueiros somerxidos”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 244

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a promover melloiras no mundo das ensinanzas marítimas, de tal xeito que se fagan atractivas para a mocidade a través dunha política marítima que abra un amplo abano de posibilidades laborais ata conseguir que o traballo no mar sexa unha actividade laboral atraínte para a nosa xuventude”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 249

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que o Cetmar se faga cargo da investigación de tecnoloxía de procesos para as empresas de cara a unha potenciación da eficacia e eficiencia dos procesos produtivos”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 250

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a reclamar as transferencias do Instituto Español de Oceanografía e do Instituto de Investigacións Mariñas”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 257

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á potenciación das zonas vitícolas sensibles no territorio do noso país, coa posta en marcha de actuacións que permitan a súa sostenibilidade agroambiental, axudando deste xeito a fixar a poboación no medio rural”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 258

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar o cooperativismo agrogandeiro e forestal, como un medio de desenvolvemento económico e social no medio rural de Galicia”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 260

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a levar a adiante todas as actuacións encamiñadas a facer posible a constitución dun grupo lácteo galego”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 266

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un logotipo definidor específico para espazos paisaxísticos do noso país. Para tal fin, recadarase a colaboración dos concellos de Galicia”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 274

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a axilizar os trámites que permitan a retirada –o antes posible– da madeira queimada polos incendios forestais nos montes do noso país”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 275

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado unha actuación especial que tenda a paliar os efectos negativos dos incendios forestais en Galicia, para o que achegará os recursos económicos que sexan acaídos”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 300

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir promovendo actuacións que potencien a IXP “Ternera Gallega” como unha forma de revitalizar o medio rural de Galicia, a través dunha produción propia e de calidade”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 335

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que mediante convenios coa AMPA, cos concellos e coas federacións deportivas se consiga a plena disposición, para a sociedade, das instalacións deportivas e culturais existentes nos centros educativos.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 361

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a aproveitar as obras da autovía da Barbanza para levar o gas aos concellos polos que esta transcorre”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 363

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar un plan de ampliación dos espazos naturais existentes ata conseguir que cando menos o 15% do territorio galego poida ter esa consideración no futuro”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 399

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se compartan as axendas de citacións e toda aquela información de xestión de pacientes en ambos niveis asistenciais”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 400

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á implantación da historia única, cun único código de historia clínica, que permita o intercambio de datos sobre o paciente”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 428

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que presente no Parlamento de Galicia o plan para lles garantir a asistencia sanitaria aos drogodependentes no primeiro nivel asistencial, segundo anunciou a Sra. conselleira de Sanidade”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 431

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que potencie os laboratorios de saúde pública das delegacións provinciais, evitando así a externalización deste servizo a empresas privadas”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 500

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a culminar no primeiro semestre do ano 2007 a posta en marcha do Plan de transporte metropolitano de Galicia nas cidades de Vigo, Ourense, Pontevedra e Lugo”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 509

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia á creación, no tempo máis breve posible, dun sistema de información xeográfica como instrumento de ordenación territorial para dispor dunha base de información e dunha cartografía actualizadas”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolucións aprobadas sen modificacións, conxuntas do G.P. dos Socialistas de Galicia e do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 13128), co contido literal seguinte:

Resolución núm. 3

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, no marco dun plan de presenza no exterior, a dotarse dos medios humanos e materiais que lle garantan a prestación de servizos administrativos, sociais e culturais ao colectivo de emigrantes galegos, así como a asegurar un labor de difusión e información das axudas e programas destinados aos galegos emigrados, co fin de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso a estas de todos eles, especialmente nos campos sociosanitarios, educativo e cultural”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 5

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver e velar polo cumprimento do Plan xeral de normalización lingüística, establecendo as correspondentes programacións e avaliacións anuais e promovendo as modificacións normativas que a súa aplicación esixe, en especial para incrementar a presenza do galego en todos os niveis educativos”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 6

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á posta en marcha da Comisión Interdepartamental da Xunta de Galicia para a normalización lingüística, que terá como fin implicar, de forma efectiva e coherente, a todas as consellarías da Xunta de Galicia no proceso de promoción do uso do galego dentro da Administración autonómica e, a través dela, da sociedade no seu conxunto”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 7

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, en cumprimento do Plan xeral de normalización da lingua galega, a avanzar na consecución dos obxectivos relativos á familia e á mocidade, de xeito singular no eido do ensino, para o cal será necesario a revitalización do labor dos equipos de normalización dos centros educativos non universitarios, a través da coordinación das accións, a rendibilización dos recursos económicos e materiais e a potenciación dos recursos humanos”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 8

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a estreitar os lazos e a colaboración coa rexión do norte de Portugal no marco do novo Programa operativo de cooperación territorial, promovendo a creación dunha agrupación europea de cooperación territorial, co obxecto de dotar de personalidade xurídica e capacidade de actuación as políticas que a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal vén desenvolvendo nesta eurorrexión”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 10

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a pór en marcha, no prazo máis breve posible, a axencia de protección da legalidade urbanística de Galicia, como instrumento de control do planeamento urbanístico que permita evitar os continuos conflitos xurídicos que se están a producir na Comunidade Autónoma en relación coa execución do planeamento. Preséntase como un ente público consorcial (autonómico e municipal) encargado de executar as funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 11

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar unha lei de transporte marítimo de augas interiores de Galicia que teña en consideración a especificidade do transporte na ría de Vigo, cuxa concesión se atopa sometida a un proceso sancionador polas institucións comunitarias, que evite a perda na calidade do servizo prestado aos cidadáns”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 12

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á adopción das medidas precisas que permitan a ampliación dos equipos de orientación, co fin de que contén con el todos os centros de educación primaria”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 13

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á elaboración dun plan de apoio aos centros con alumnos inmigrantes en colaboración coa Secretaría Xeral de Emigración”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 14

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a establecer un conxunto de medidas para fomentar e facilitar a inserción laboral dos estudantes universitarios galegos, a través da elaboración dun plan de inserción laboral con titulación universitaria, coa colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Traballo, xuntamente coas universidades galegas”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 15

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias de cara a conciliar a vida familiar e laboral das familias galegas mediante a ampliación do período de funcionamento dos comedores escolares dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co fin de que abarque a totalidade do período lectivo”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 17

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver o Plan estratéxico da saúde mental”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 20

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan de formación integral axeitado ás necesidades reais do sector marítimo-pesqueiro galego, que teña en conta a actual dispersión do sistema educativo no eido marítimo-pesqueiro, con formación regrada e de reciclaxe, para axustar o sistema actual ás necesidades reais do sector”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 24

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a crear unha rede de control ambiental de augas de Galicia, que inclúa un laboratorio móbil de análises químicas e biolóxicas, con capacidade para traballar no campo en situacións de contención ambiental e que sexa capaz de desenvolver:

Os labores de mostraxe das distintas masas de auga.
As análises físicas, químicas e biolóxicas das mostras.
A xestión e as análises da información producida”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 26

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á unificación das políticas de emprego que conflúen sobre os territorios a través da elaboración de pactos territoriais de emprego, prestando especial atención ás zonas en situación de grave desemprego ou despoboadas e implicando a todos os interesados: axentes sociais, entidades locais e Administración autonómica”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 27

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, no marco da loita contra a discriminación de xénero, a poñer en marcha un programa de formación, intermediación e integración laboral da muller en ocupacións nas que están subrepresentadas”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 28

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar a modernización e dimensión pública do Servizo Público de Emprego, co fin de optimizar a súa eficacia, potenciando a orientación laboral e impulsando os itinerarios personalizados de inserción”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 31

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a negociar co Goberno central a transferencia directa dos recursos orzamentarios que o Estado dedica aos plans cuadrienais de vivenda, co gallo de acadar unha maior operatividade na execución da política de vivenda que necesitan os galegos e as galegas”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 32

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias para evitar calquera tipo de irregularidades na compravenda de vivenda protexida, con especial atención ao cobro de sobrepazos, así como no seu uso por parte dos adquirentes, tendo en conta que se trata de vivenda financiada con recursos públicos”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 33

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a axilizar o proceso de posta en marcha de Lei de servizos sociais de Galicia que responda aos novos retos e demandas que se presentan no eido dos servizos sociais e na propia estrutura da nosa sociedade, ao tempo que se converta nun dos piares do sistema de benestar. A devandita lei deberá permitir ou definir as responsabilidades nos diferentes niveis da Administración pública, mellorar os recursos públicos dos servizos sociais, pór os dereitos das persoas en primeiro plano e garantir a suficiencia e estabilidade económica do sistema”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 34

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que no vindeiro Plan de desenvolvemento rural 2007/2013 se prioricen

as accións tendentes a que se produza anualmente a incorporación de aproximadamente 1.000 agricultores mozos e mozas, como mellor garantía da continuidade de explotacións agrarias e como ferramenta fundamental que permita o relevo xeracional e a dinamización do agro galego”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 35

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a defender diante do Ministerio de Agricultura a aprobación dun plan de reestruturación do sector lácteo para a campaña 2006/2007 no que a transferencia de cota sexa de xestión pública, e a que unha parte significativa da cota abandonada se asigne ás explotacións lácteas en función de criterios sociais iguais para todo o conxunto do sector e no que prime a vocación de permanencia nas explotacións que accedan á cota co obxectivo de achegarse ou acadar a media estatal por explotación. Un plan que, en definitiva, teña como obxectivo o mantemento do medio rural dun tecido social dimensionado acaidamente, con base na produción láctea”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 36

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que no ano próximo se implemente a política de mobilidade e valorización de terras e montes improdutivos cos instrumentos normativos, o desenvolvemento de proxectos singulares e as iniciativas adecuadas que poidan garantir unha actuación e a conseguinte mellora e valorización de 20.000 hectáreas”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 38

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a promover a Lei do libro e da lectura e a elaborar un plan de apoio, froito do consenso entre diversos axentes sociais relacionados co sector, que teña como obxectivo elevar o índice de lectura da cidadanía e a consideración social do libro e da lectura, con especial atención á promoción da produción editorial en galego”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 41

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que promova un impulso cualitativo no autogoberno, e a que

adopte as medidas oportunas que permitan efectivizar de xeito gradual, mediante a cooperación co Goberno do Estado, o proceso de transferencia das setenta áreas competenciais previstas no “Informe do Goberno galego para a Comisión Mixta de Transferencias” do 3 de novembro de 2005”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 42

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a levar a diante as actuacións oportunas, dende a Secretaria Xeral de Igualdade, para crear un Consello Galego das Mulleres, como órgano de participación, consulta e asesoramento do Goberno galego, en materia de políticas de igualdade de xénero, no que se lle dea cabida ao asociacionismo feminino e feminista existentes en Galicia”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 45

“O Parlamento galego insta a Compañía de Radio-Televisión de Galicia para que, no seu papel fundamental de ser instrumento de normalización lingüística, proceda a:

Coidar ao máximo o emprego do galego nos seus espazos, tanto informativos coma de programas.

Utilizar os recursos da súa programación que sexan necesarios para que esta sirva de canle para a potenciación do uso do galego e para o espallamento das boas prácticas lingüísticas na súa utilización”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 46

“O Parlamento galego insta a Compañía de Radio-Televisión de Galicia para que, tendo en conta o papel que debe desenvolver como buque insignia do sector audiovisual galego e como instrumento de aproximación á cidadanía da realidade do país, proceda a:

Reforzar a súa grella de programación con producións audiovisuais que dean conta da nosa realidade social e cultural, de xeito que a radio e televisión públicas potencien o seu perfil de medios de comunicación próximos á cidadanía galega.

Manter unha liña de colaboración permanente co sector audiovisual galego, que xere as sinerxías necesarias que contribúan ao seu mutuo desenvolvemento, na procura dun sector sólido que poida ser vangarda e escaparate do mellor do noso país”.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 9

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar a reorientación do destino dos investimentos procedentes dos fondos europeos nos termos das estratexias de Lisboa e Gotemburgo no marco estratéxico de converxencia económica de Galicia (Macega), a través de:

Un notable pulo á innovación e ao desenvolvemento tecnolóxico.

Unha forte aposta pola educación e formación do capital humano.

Máis e mellores empregos.

Aumentar a cohesión territorial fortalecendo o tecido produtivo das áreas menos desenvolvidas.

Protexer e valorizar os recursos naturais”.

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e 0 abstencións.

Resolución núm. 16

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a iniciar, no ano 2007, o proceso de integración das fundacións hospitalarias no Servizo Galego de Saúde, no referido ao persoal e á disolución da figura xurídica das fundacións”.

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e 0 abstencións.

Resolución núm. 19

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á elaboración dunha nova normativa sanitaria, que presente os seguintes proxectos lexislativos: Lei de saúde de Galicia, Lei de drogas de Galicia e Lei de ordenación farmacéutica”.

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e 0 abstencións.

Resolución núm. 22

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia ao cambio da actual normativa sobre o permiso de explotación pesqueira e marisqueira, adecuándoo á realidade do sector galego e per-

mitindo a integración de novos profesionais, xa que a actual regulación impide, en moitas ocasións, unha actuación máis acorde coas necesidades do sector e unha explotación máis razoable dos recursos”.

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e 0 abstencións.

Resolución núm. 29

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, facendo uso das súas competencias, elabore un novo ordenamento da enerxía eólica dentro da planificación enerxética de Galicia.

Os principios que deben guiar o novo modelo eólico serán:

Asegurar o retorno social da xeración eólica por medio da participación dunha empresa pública dependente do Inega na explotación da enerxía eólica.

Preservar o medio natural, excluindo a instalación de parques en zonas da Rede Natura ou que contén con hábitats de especial interese.

Acadar ao final do período 2006-2012 unha potencia total eólica de 6.500 MW, como obxectivo realista e asumible e irrenunciable para o sector, a industria galega e o país”.

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e 0 abstencións.

Resolución núm. 43

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a levar a adiante todas as medidas de carácter económico, financeiro e orzamentario que supoñan un impulso relevante das políticas de gasto galego en I+D+I, co obxectivo de acadar no menor tempo posible que o esforzo global en investigación e desenvolvemento en Galicia acade o 1,5% do PIB”.

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e 0 abstencións.

Resolución núm. 47

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reclamar do Goberno estatal un investimento en infraestruturas de transporte non inferior ao 8% do importe total do PEIT”.

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e 0 abstencións.

Resolución núm. 1

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a conseguir unha resposta eficaz dos servizos de protección civil e a regular un servizo profesional de resposta de emerxencia, que avalíe o seu sistema de xestión e estableza os niveis de formación necesarios para as distintas funcións e especializacións”.

Aprobada por 38 votos a favor, 0 en contra e 36 abstencións.

Resolución núm. 2

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar e presentar diante desta Cámara o Proxecto de lei de emerxencia de Galicia, que unifique o funcionamento e a resposta dos servizos de emerxencia coa creación do teléfono único 112; así como a impulsar as tarefas de prevención e promulgación de plans de emerxencia en coordinación con outras administracións, atendendo aos obxectivos de prevención de riscos que afecten o conxunto de Galicia”.

Aprobada por 38 votos a favor, 0 en contra e 36 abstencións.

Resolución núm. 4

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a buscar novas fórmulas de financiamento que permitan abordar a recuperación, rehabilitación e conservación dos centros galegos existentes no mundo, en plans plurianuais e en programas integrados nun proxecto global”.

Aprobada por 38 votos a favor, 0 en contra e 36 abstencións.

Resolución núm. 18

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar o efectivo exercicio dos dereitos recoñecidos na lexislación sanitaria coas seguintes actuacións:

A creación dun sistema de xestión de suxestións e reclamacións para todo o sistema sanitario galego.

O establecemento do dereito á segunda opinión médica no sistema sanitario galego, cunha maior autonomía do paciente respecto á súa saúde e capacidade de decisión.

A implantación da declaración da vontade vital anticipada, que lle garanta á cidadanía decidir sobre as actuacións sanitarias críticas que os profesionais deben tomar sobre a vida dos seus pacientes”.

Aprobada por 38 votos a favor, 0 en contra e 36 abstencións.

Resolución núm. 21

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar un plan global de renovación da frota artesanal que elimine as actuais limitacións na construción das embarcacións, de acordo coa regularización impulsada polo Goberno central; este plan debe ter en conta a singularidade da frota artesanal galega, que conta con preto de cinco mil embarcacións de pequeno porte, moitas das cales teñen máis de trinta anos”.

Aprobada por 38 votos a favor, 0 en contra e 36 abstencións.

Resolución núm. 23

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver o mandato da Directiva 91/271/CEE e a levar a cabo as actuacións para acadar o seu cumprimento, considerando que a Directiva 91/271/CEE do Consello, do 21 de maio de 1991, sobre o tratamento de augas residuais urbanas, marcaba como unha das principais esixencias que, a 31 de decembro de 2005, todos os vertidos en augas de aglomeracións de máis de 2.000 habitantes equivalentes (h-e) tiñan que ter garantida a depuración, que as aglomeracións de máis de 2.000 h-e suman un total de 145 no territorio galego, o que supón 3.809.086 h-e, e que o actual Goberno galego leva amosado un comportamento claro co desenvolvemento sostible e co cumprimento da normativa europea en materia medioambiental, e en especial na calidade das augas”.

Aprobada por 38 votos a favor, 0 en contra e 36 abstencións.

Resolución núm. 25

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar os estudos de viabilidade para poñer en marcha as accións necesarias para a declaración de parques naturais nas grandes zonas de montaña de Galicia, sinaladamente nas serras dos Ancares, O Courel, O Macizo Central ourensán e Pena Trevinca, todas elas pertencentes á Rede Natura 2000 e onde xa é de aplicación o disposto na Lei 9/2001, de conservación da natureza de Galicia”.

Aprobada por 38 votos a favor, 0 en contra e 36 abstencións.

Resolución núm. 30

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que defenda de xeito decidido os intereses dos estaleiros galegos, nomeadamente os da ría de Ferrol. Con esta finalidade

instarase o Ministerio de Industria para que se teñan en conta na planificación da actividade dos estaleiros públicos os acordos aos que se chegue na Comisión impulsada pola Consellería de Innovación e Industria, na que están representados todos os axentes do sector naval”.

Aprobada por 38 votos a favor, 0 en contra e 36 abstencións.

Resolución núm. 39

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver unha campaña de difusión e promoción do patrimonio cultural galego co obxectivo de dar a coñecer a riqueza dos nosos recursos patrimoniais (arquitectónicos, arqueolóxicos, etnográficos, documentais, numismáticos, etc.), salientando o seu valor artístico e cultural e acrecentando o seu aprecio social”.

Aprobada por 38 votos a favor, 0 en contra e 36 abstencións.

Resolución núm. 44

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar e presentar, coa maior brevidade posible, un proxecto de lei que garanta a autonomía e o carácter de servizo público da CRTVG, preveña o nomeamento do director xeral por maioría cualificada do Parlamento e asegure o acceso dos distintos sectores e organizacións sociais de Galicia aos medios de comunicación públicos”.

Aprobada por 38 votos a favor, 0 en contra e 36 abstencións.

Resolución núm. 48

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reclamar do Goberno estatal a modernización da rede e a mellora do servizo ferroviario en Galicia, e a que preveña nos orzamentos do ano 2007 as partidas precisas para cumprir os compromisos e os prazos establecidos na resolución aprobada polo Congreso dos Deputados o 20 de xuño de 2006: eixe atlántico Ferrol-Vigo-fronreira portuguesa, Santiago de Compostela-Ourense-Lubián, conexión de Galicia con Barcelona, Euskadi e Madrid”.

Aprobada por 38 votos a favor, 0 en contra e 36 abstencións.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2006
Dolores Villarino Santiago
Presidenta

4. Procedementos de información

4.3. Preguntas

4.3.3. Preguntas para resposta por escrito

A Mesa do Parlamento, na reunión do 29 de agosto de 2006, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite:

- 07/PRE-5940(11580)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Feijóo, Alberto e 10 deputados máis

Sobre a difusión de información aos dispositivos asistenciais en relación coa vaga de incendios

A Mesa, por unanimidade, acorda a admisión a trámite e cualifícaa como pregunta con resposta escrita.

- 07/PRE-5942(11582)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel e 8 deputados máis

Sobre os pacientes que foron atendidos no servizo de urxencias hospitalarias por presentar patoloxías relacionadas cos incendios

A Mesa, por unanimidade, acorda a admisión a trámite e cualifícaa como pregunta con resposta escrita.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2006

María Tereixa Paz Franco

Vicepresidenta 1.^a

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, María del Carmen	(PS deG-PSOE)
2.- Aymerich Cano, Carlos Ignacio	(BNG)
3.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
4.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
5.- Baltar Blanco, José Manuel	(PP)
6.- Barcón Sánchez, María del Mar	(PS deG-PSOE)
7.- Barreiro Fernández, José Manuel	(PP)
8.- BernardoTahoces, Angel	(PP)
9.- Blanco Parga, Carlos Fernando	(BNG)
10.- Burgo López, María de la Concepción	(PS deG-PSOE)
11.- Cajide Hervés, María del Carmen	(PS deG-PSOE)
12.- Calvo Pouso, Diego	(PP)
13.- Castela Bragaña, José Manuel	(PP)
14.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
15.- Castro García, Roberto	(PP)
16.- Cerdido Pintos, María Marta	(PP)
17.- Cerviño González, Francisco	(PS deG-PSOE)
18.- Cuiña Crespo, Xosé	(PP)
19.- da Silva Méndez, María Carme	(BNG)
20.- Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(PS deG-PSOE)
21.- Fervenza Costas, José	(PP)
22.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
23.- Gallego Lomba, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
24.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
25.- González Mariñas, Pablo	(BNG)
26.- González Méndez, María Amparo	(PP)
27.- Lage Tuñas, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
28.- Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
29.- López Abella, María Susana	(PP)
30.- López Besteiro, Manuela	(PP)
31.- López Rodríguez, Dámaso	(PP)
32.- López Veiga, Enrique César	(PP)
33.- López Vidal, Pablo Xabier	(PSdeG-PSOE)
34.- López-Chaves Castro, Ignacio Javier	(PP)
35.- Losada Álvarez, Abel Fermín	(PSdeG-PSOE)
36.- Mato Otero, Beatriz	(PP)
37.- Meijón Couselo, Guillermo Antonio	(PSdeG-PSOE)
38.- Méndez Romeu, José Luís	(PSdeG-PSOE)
39.- Miras Portugal, Aurelio Domingo	(PP)
40.- Negreira Souto, Carlos	(PP)
41.- Núñez Feijoo, Alberto	(PP)
42.- Orza Fernández, José Antonio	(PP)
43.- Palmou Lorenzo, Xesús	(PP)
44.- Parga Núñez, Manuel	(BNG)
45.- Paz Antón, Xosé Ramón	(BNG)
46.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
47.- Pérez Ares, César Augusto	(PP)
48.- Pérez Herraiz, Margarita	(PSdeG-PSOE)
49.- Pérez Touriño, Emilio	(PSdeG-PSOE)
50.- Pita Varela, Jaime Alberto	(PP)
51.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
52.- Pose Mesura, Modesto	(PSdeG-PSOE)
53.- Quintana González, Anxo Manuel	(BNG)
54.- Rego González, Ismael	(PSdeG-PSOE)
55.- Riobó Dios, María Modesta	(BNG)
56.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
57.- Rodríguez Fernández, Maximino	(PP)
58.- Rodríguez Miranda, Antonio	(PP)
59.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
60.- Ruíz Rivas, Manuel Santos	(PP)
61.- Salgado Núñez, Carmen Janet	(PP)
62.- Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
63.- Santiso Miramontes, José Antonio	(PP)
64.- Seara Sobrado, Laura Carmen	(PSdeG-PSOE)
65.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
66.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
67.- Sueiro Pastoriza, Alberto	(PP)
68.- Tabares Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
69.- Tojo Ramallo, Luís María	(PSdeG-PSOE)
70.- Tomé Roca, José	(PSdeG-PSOE)
71.- Valladares Rodríguez, María Luisa	(PP)
72.- Varela Sánchez, Ricardo Jacinto	(PSdeG-PSOE)
73.- Vázquez Fernández, Manuel	(PSdeG-PSOE)
74.- Vega Buxán, María Xosé	(BNG)
75.- Villarino Santiago, Dolores	(PSdeG-PSOE)

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS

1.1.1 LEIS

1.1.2 REGULAMENTO DO PARLAMENTO

1.1.3 NORMAS COMPLEMENTARIAS E RESOLUCIÓNS INTERPRETATIVAS DO REGULAMENTO

1.1.4 CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS

1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI

1.2.1 PROXECTOS DE LEI

1.2.2 PROPOSICIÓNS DE LEI

1.2.3 PROPOSICIÓNS DE LEI DE INICIATIVA POPULAR

1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS

1.3.1 PROPOSICIÓNS DE REFORMA DO REGULAMENTO DO PARLAMENTO

1.3.2 PROPOSICIÓNS DE LEI PARA PRESENTAR PERANTE O CONGRESO DOS DEPUTADOS

1.3.3 PROPOSTAS DE CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS

2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

2.1 INVESTIDURA

2.2 MOCIÓN DE CENSURA

2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

3.1.1 DECRETOS LEXISLATIVOS

3.1.2 OBXECCIÓNS

3.1.3 DITAME DA COMISIÓN

3.1.4 RESOLUCIÓN DO PLENO

3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

3.2.1 COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

3.2.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

3.2.3 RESOLUCIÓNS APROBADAS

3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

3.3.1 PROGRAMAS E PLANS

3.3.2 INFORME DA PONENCIA

3.3.3 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

3.3.4 RESOLUCIÓNS APROBADAS

3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

3.5 MOCIÓNS

3.5.1 MOCIÓNS

3.5.2 EMENDAS ÁS MOCIÓNS

3.5.3 MOCIÓNS APROBADAS

3.5.4 MOCIÓNS REXEITADAS

3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI

3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO

3.6.1.1 PROPOSICIÓNS

3.6.1.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS

3.6.1.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS

3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN

3.6.2.1 PROPOSICIÓNS

3.6.2.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS

3.6.2.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS

3.6.2.4 PROPOSICIÓNS REXEITADAS

3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

3.7.1 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA E A MESA

3.7.2 DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

3.7.3 OUTRAS RESOLUCIÓNS

3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

3.8.1 MEMORIA ANUAL DO CONSELLO DE CONTAS E INFORME DE FISCALIZACIÓN DAS CONTAS DO SECTOR PÚBLICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

3.8.2 INFORMES SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

4.1.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN PLENO

4.1.2 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN

4.2 INTERPELACIÓNS

- 4.3 PREGUNTAS
 - 4.3.1 PREGUNTAS ORAIS EN PLENO
 - 4.3.1.1 PREGUNTAS URXENTES
 - 4.3.1.2 PREGUNTAS AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA
 - 4.3.2 PREGUNTAS ORAIS EN COMISIÓN
 - 4.3.3 PREGUNTAS PARA RESPONDA POR ESCRITO
- 4.4 RESPONDA A PREGUNTAS
- 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
- 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.3.1 NORMAS RELATIVAS AO VALEDOR DO POBO
 - 5.3.2 INFORMES DO VALEDOR DO POBO
 - 5.3.3 RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.4.1 NORMAS RELATIVAS AO CONSELLO DE CONTAS
 - 5.4.2 INFORMES DO CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
- 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
- 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.1.1 COMPOSICIÓN DO PLENO
 - 7.1.2 COMPOSICIÓN DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
 - 7.1.3 COMPOSICIÓN DA MESA DO PARLAMENTO
 - 7.1.4 COMPOSICIÓN DA MESA-XUNTA DE PORTAVOCES
 - 7.1.5 COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS
 - 7.1.6 COMPOSICIÓN DA MESA DAS COMISIÓNS
 - 7.1.7 COMPOSICIÓN DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.2.1 NORMAS DE RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.2.2 ESTATUTO DOS DEPUTADOS E GRUPOS PARLAMENTARIOS
 - 7.2.3 ORZAMENTO DO PARLAMENTO
 - 7.2.4 CONTA XERAL DO PARLAMENTO
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 - 7.3.1 CONSTITUCIÓN DO PARLAMENTO
 - 7.3.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN POLAS QUE SE CREAN COMISIÓNS
 - 7.3.3 CONVOCATORIAS
 - 7.3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DOS ÓRGANOS DA CÁMARA
 - 7.3.4.1 CONVALIDACIÓN DOS ACORDOS DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
 - 7.3.4.2 NORMAS DE FUNCIONAMENTO DE COMISIÓNS NON PERMANENTES
 - 7.3.4.3 PRÓRROGAS DOS PERÍODOS DE SESIÓNS
 - 7.3.4.4 HABILITACIÓN DE DÍAS HÁBILES
 - 7.3.4.5 DÍAS E HORAS DE REXISTRO DE DOCUMENTOS
 - 7.3.4.6 OUTRAS RESOLUCIÓNS E ACORDOS
 - 7.3.5 DISOLUCIÓN DO PARLAMENTO
- 8. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES
 - 8.3.1 CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA
 - 8.3.2 XESTIÓN ECONÓMICA
 - 8.3.3 CONVENIOS E ACORDOS
 - 8.3.4 AXUDAS E BOLSAS
 - 8.3.5 PUBLICACIÓNS
- 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25